

**Unha faceta ben coñecida de Darío Xohán Cabana.  
O comprometido e culto autor de encrucillados**  
*A well-known facet of Darío Xohán Cabana – the committed and  
highly-educated author of crosswords*

Patricia Arias Chachero  
(IES A Pontepedriña / patchachero@edu.xunta.gal)

Data de recepción: 08/02/2023 – Data de aceptación: 22/06/2023

**Resumo:** Este artigo aproxímase ó escritor Darío Xohán Cabana a partir dos seus encrucillados. Este autor converteuse nun excepcional creador de encrucillados, pero, a través da análise dalgúns dos publicados fundamentalmente en *A Nosa Terra*, descóbrese un fondo compromiso e unha mensaxe subxacente, tanto nas palabras elixidas coma nas definicións que se fornecen para identificalas.

**Palabras chave:** Darío Xohán Cabana, encrucillados, compromiso, *A Nosa Terra*.

**Sumario:** 1. Limiar. 2. Encrucillados do Darío Xohán Cabana: primeira xeira. 3. Encrucillados do Darío Xohán Cabana: o compromiso. 4. Peche. Referencias bibliográficas

**Abstract:** This article focuses on Darío Xohán Cabana's work as an author of crosswords. He became an exceptional author of crosswords. Through an analysis of some of the crosswords he published in the journal *A Nosa Terra*, their underlying message and his unequivocal commitment are revealed, both through the words chosen and the definitions he provided for them.

**Keywords:** Darío Xohán Cabana, crosswords, commitment, *A Nosa Terra*.

**Contents:** 1. Introduction. 2. Darío Xohán Cabana's crosswords – first steps. 3. Darío Xohán Caban's crosswords – his commitment. 4. Conclusion. Bibliographic references.

## 1. Limiar

Agora que celebramos o ano Francisco Fernández del Riego cómpre lembrar unha anécdota que non todo o mundo coñece. En 1947 a policía irrompe no despacho onde traballa e, sen lle dar ningún tipo de explicación, lévano detido. Xa na comisaría, acúsano de colaborar coa Unión de Intelectuales Libres, una organización liberal, próxima ao Partido Comunista, que, na clandestinidade, pretendía coordinar o traballo dos intelectuais antifranquistas. Retido no cárcere, tras ser interrogado, permanece incomunicado durante un par de semanas. En *O río do tempo*, unha das súas obras autobiográficas, lembra aquelas horas acedas:

A cela era estreita e sombriza, e o tempo non daba andado. Apegado á parede, co sangue dunha chinche morta, había un anaco de xornal cun crucigrama. Entretívenme en resolvelo un día e outro, ata que o conseguín. Foi a primeira e única vez que fixen tal cousa. (Fernández del Riego 1994: 183)

Aquel encrucillado cumpre a súa función, entretén. Neste caso, ao home privado de liberdade. O pasatempo convértese nunha axuda, nunha evasión e tamén, por que non?, nunha ferramenta que alixeira o amargo trago e axuda a superalo. Ignoramos que xornal sería aquel que atopou don Paco na cela viguesa, quizais un anaco de *La Región*, quizais algunha páxina de *El Ideal Gallego*<sup>43</sup> ou (máis probablemente) un fragmento de *La Noche* ou de *El Pueblo Gallego*.

## 2. Encrucillados do Darío Xohán Cabana: primeira xeira

Xusto trinta anos despois, o 2 de Nadal de 1977, no número inaugural de *A Nosa Terra*, Darío Xohán Cabana comezaba a publicar, na nosa lingua, estes enredos lingüísticos. El é, ata onde sabemos, o pioneiro na elaboración destes pasatempos en galego. El parece ser tamén o inventor do termo *encrucillado*, palabra que non aparece nos dicionarios clásicos e que busca, á mantenta, afastarse tanto do castelán *crucigrama* como do portugués *palavras cruzadas*.

O poeta, xa daquela premiado, traballa en *A Nosa Terra* por compromiso e *pro pane lucrando*, por necesidade económica. Moitos anos despois, cóntalles a Calvo / Rodríguez Yáñez nas *Conversas*:

<sup>43</sup> O 7 de setembro de 1939 alguén que se facía chamar Ami-Plin, comeza a publicar en *La Región* un encrucillado de periodicidade incerta pero continuada, cando menos ata o 29 de maio de 1940, en que aparece o encrucillado número 154. O 30 de abril de 1940 atopamos o primeiro pasatempo deste tipo nas páxinas de *El Ideal Gallego*. Un mes despois, Jácome asina un encrucillado temático (xurídico) en *El Correo Gallego*, non será o único desta serie.

Antes estivera vendendo libros –non galegos, enciclopedias e cousas desas– en plan de comisionista, e tamén botei unha tempada ocupándome, tres días á semana, da corrección de probas d'*A Nosa Terra*, baixo a dirección de Margarita Ledo Andión. Foi cando empezou a saír, no 1978, despois chamáronme deseguida pró sindicato... En realidade, sempre tiven dificultades pra gañar a vida, sempre andabamos bastante escasos. (Calvo / Rodríguez Yáñez 2007: 80-81)

O escritor, que anos atrás presentaba as súas composicións a certames coa intención de gañar os premios que ofrecían, non renegou nunca da necesidade de poñer a súa pluma ao servizo da causa económica. Foi esta unha circunstancia que, como tantas outras, afrontou publicamente, sen vergoña e con dignidade. A Afonso Eiré confésalle: «Fun pobre moito tempo. Hoxe, que teño algo máis de estabilidade non me vexo na obriga de facer tres poemas para gañar un premio, por exemplo en Bergantiños» (Eiré López 2003: 36).

O 10 de novembro de 1984, tamén en *A Nosa Terra*, dille a Xan Carballa:

Para min non é ningún problema existencial este asunto. Son dous feitos independentes que están aí: eu escribo e hai prémios literarios. Non teñen conexión mentres non acabo un libro. Despois deixo de ser puramente un escritor e son un home normal que se busca a vida. Teño un salario que é moi digno e me permite vivir, pero os ingresos da literatura son un plus lexítimo que tamén me interesa. Pero mentres escribo non penso para nada nos prémios. (Carballe 1984: 28)

O autor, de ideas claras e recto proceder, afirma:

Eu non son escritor profesional, desde que empecei a formular a cuestión de escritor profesional ou non profesional, optei claramente polo non profesional. Eu non quero ser un escritor profesional de ningunha maneira, non quero vivir da literatura, non quero estar condenado a ter que escribir todos os santos días. Eu quero escribir cando non teño máis remedio que escribir, e ademais quero escribir o que me dea a gana, sen pensar. (Hermida 2001)

O caso é que aqueles primeiros pasatempos en *A Nosa Terra*, escritos ou non por necesidade económica, merecen unha reflexión e un recoñecemento. Ante todo, son exercicios ben tramados, elaborados a conciencia e, en absoluto, inocentes. As preguntas –e as respostas– evidencian un coñecemento profundo da lingua e da realidade galega, un compromiso político claro e a vontade de compartilos tanto cos lectores como cos seareiros do pasatempo.

Moitas das definicións que usa demostran un excelente coñecemento da nosa xeografía. Nos primeiros encrucillados descubrimos que «o afluente do Miño» é o *Sil*, o *Ribeiro* é unha «bisbarra galega», *Boiro* «unha vila galega» e se *Sober* é unha «vila do Val de Lemos» e *Orol* «unha vila do norte de Lugo», a *Sionlla* é «un pobo entre Compostela e A Coruña». Nótese que a provincia de Lugo ocupa un lugar destacado na enumeración precedente. O contido xeográfico politízase cando fai que á definición «vila de montaña luguesa onde queren facer unha central hidroeléctrica» (núm. 17, do 19 ao 25 de maio de 1978, 8H) lle corresponda como resposta o topónimo *Navia* (de Suarna), nos Ancares, ameazada daquela por tan brutal e a todas luces innecesaria agresión.

A humanización da paisaxe fai que Xohán Cabana obrigue os interesados no seu encrucillado a escribir que «un bosco de castiñeiros», é un *souto*; un «terreo diante da casa labrega», a *eira* e os «campos diante das igrexas», *adros*. Todos eles usan como «medida de superficie», *ferrados*. Tampouco nesta ocasión elude posicionarse e o «organismo estatal que usurpou os montes galegos» resulta ser *Icona*. A defensa da natureza aparece representada no encrucillado décimo oitavo, na definición «organismo ecoloxista galego» que require como resposta certa a palabra *ADEGA*.

Os contidos literarios non se quedan atrás. «a máis grande poeta galega» é, naturalmente, *Rosalía*; «o poeta cívico», *Curros* e «o noso primeiro poeta nacional», *Pondal*. A politización consciente faise evidente cando *Castelao* se converte no «teórico do nacionalismo galego». Próximos tamén á realidade histórico-cultural enxebre e comprometida, atopamos a *Roi*, un «xefe irmandiño»; a *Breogán*, «xefe celta» e tamén, a *Foucellas*, «un guerrilleiro galego». Todos eles simbolizan a revolta, a rebeldía en defensa do que nos é propio.

A nosa cultura aparece noutras moitas chiscadelas. *Ronsel* é a «antiga revista galega de poesía», *Xistral*, a «editorial galega», o *lai*, a «antiga composición lírica» e o «nome que se lle deu ao idioma catalán en catalán», *lemosí*. A intelixencia e retranca do autor provocan o sorriso do lector cando comproba que a definición «escrito todo seguido algo que a vostede lle custou cinco pesos», agarda un *ANosaTerra* como resposta.

Darío Xohán Cabana, excelente coñecedor da lingua, adopta un ton case didáctico para que o seu interlocutor comprenda que o «lugar onde se dá o sol» é a *raxeira*; «a peza do bocoí», a *doela*; «o que se bebe dunha vez», un *grolo*; alguén que «trata de ti ou tu», *atúa* e que aos «que lles falta unha man», lles dicimos *tocos*. A existencia das variantes dialectais non escapa, como vemos, á tan, en aparencia, inocente xogo. Así, «outra forma de el» é *il*.

E se o espazo era importante, non o é menos a fauna que o pobo. O «feminino do cabalo», *égoa*; unha «especie de laberca», a *cotovía* e un «cabalo de certa cor», *roán*. Termos propios, coñecidos ou non, que a persoa que resolve os encrucillados recupera ou aprende con verdadeiro pracer.

Non elude o autor de tan esmerados exercicios lingüísticos a militancia política. A primeira definición relacionada co mundo do compromiso político atopámola xa no primeiro encrucillado. Di así: «Organización de extrema dereita». A resposta, Triplo A (*AAA*), volve ser a mesma no décimo número do xornal (do 31 de marzo ao 6 de abril de 1978) cando en 4H pregunta «Organización terrorista arxentina». Nese mesmo encrucillado (4V) atopamos as siglas dun «Frente de Liberación Nacional», supoñemos que *Arxelino*. Dous meses despois, no número 14 (do 28 de abril ao 4 de maio do 78) pregunta «Organización patriótica dos estudantes galegos» agardando *ERGA* como resposta e no número 16 (do 12 ao 18 de maio dese mesmo ano) un «siglas do partido comunista galego» (1H) espera un *UPG* como resposta.

En *A Nosa Terra* o encrucillado aparece, por regra xeral, na penúltima páxina da publicación. O primeiro, o de 1977, asinado de forma manual (DXCabana)

e a partir do terceiro (do 10 ao 16 de febreiro de 1978) co nome completo do autor en letras de imprenta. No cuarto número (do 17 ao 23 de febreiro de 1978), a sección dos pasatempos complétase cun xeroglífico anónimo e no seguinte, o quinto, (do 24 de febreiro ao 2 de marzo) cun «Damero», igualmente sen asinar. A periodicidade do encrucillado é, en principio, rigorosamente semanal, coincidindo fielmente coa do propio periódico. Ata finais de 1978 non comeza a fallar. Entre o número 42 (do 15 ao 21 de nadal de 1978) e o número 62 (do 18 ao 24 de maio de 1979) parece publicarse un único encrucillado ao mes e a partir de aí, as colaboracións –se as houbo– foron esporádicas.

Antes de pechar este apartado quixeramos deixar constancia dun feito insólito nesta primeira xeira como creador de encrucillados. No exemplar do 23 ao 30 de setembro de 1978, atopamos un encrucillado «Homenaxe a Nicaragua», supoñemos que motivado pola tensa situación que se estaba vivindo no país naquel momento. Lémbrese que en agosto dese ano, un grupo de 25 sandinistas armados, ás ordes do Comandante Cero, asaltaran o Palacio Nacional, sé do congreso, nunha acción que colocará á Fronte Sandinista no momento precipitante da toma do poder. Entre as definicións recollidas neste singular exercicio de Darío Xohán Cabana figuran: «Heroe nacional de Nicaragua» (6H), «Frente de liberación de Nicaragua» (9H) ou «designación militar do Comandante Edén Pastora» (9H). As respostas –Sandino, FSLN e Cero– non deixan lugar a dúbida nin sobre o compromiso sandinista nin sobre o coñecemento da realidade do país do autor que nos ocupa.

### 3. Encrucillados do Darío Xohán Cabana: o compromiso

Do moito que lle prestaba ao intelectual a elaboración destes pasatempos, dá boa conta o feito de que pronto comezou a facelos tamén para *Atlántico Diario*, fundado en 1987. Quizais o primeiro haxa que buscalo pouco despois de que Antón López Galocha, un dos fundadores de *A Nosa Terra* e grande amigo do escritor, chegase á dirección da cabeceira. Segundo información proporcionada pola familia, no periódico vigués deberon aparecer diariamente durante uns cinco meses.

A partir do 1 de decembro de 1987, a petición de Juan Ramón Díaz e por mediación de José Alonso, a quen Darío Xohán Cabana trataba a través de Galocha, comeza a colaborar con *La Voz de Galicia*. Iníciase así o período máis longo e produtivo no que á creación de encrucillados se refire. Traballou con entusiasmo e teimosía, diariamente e durante anos. Moitas fomos as persoas que o seguimos fielmente nesta nova xeira. Ben poucos galegos poderán afirmar que non viron algunha vez, no xornal da cafetería, o encrucillado da *Voz* resolto ou a medio resolver. Darío Xohán Cabana cumpriu ata ben pouco antes de morrer. Xa non o facía *pro pane lucrando*, facíao por pracer e por compromiso, facíao, quizais, por non fallarlles aos centos de persoas que se afeccionaran a eles.

Apenas un ano antes de deixarnos, nunha entrevista que lle concede a Pablo Gómez Cundíns, autor do texto «Pasatiempos para el encierro: Elemental», Cabana advirte: «Un encrucillado pode divertir máis que unha película, é un exercicio mental e perfecciona o dominio da lingua» (Gómez Cundíns 2020: 20). Confesa tamén que é afeccionado a eles desde hai moitos anos: «Mercábaos de neno e resolvíaaos coidando as vacas. Crealos é un vicio. Hai creatividade. Ás veces boto media hora para meter certa palabra» (Gómez Cundíns 2020: 20).

A súa filla maior, Alexandra Cabana Outeiro, morto xa seu pai, asina un fermoso texto titulado «Encrucillado» onde explica o seu método de traballo:

Collía as 38 plantillas distintas que tiña, imprimía e cubría a lapis, unha vez cubertos tocaba definir e verter a información no ordenador, e ultimamente xerar uns pdf a partir do word e duns excel coas solucións que lle argallara o Martiño, meu irmau, biólogo. (Cabana Outeiro 2022: 24)

Sobre a complexidade da tarefa e o agarimo que puña nela, engade:

Contábame que tiña que equilibrar palabras máis ou menos difíciles, encrucillados que por veces eran algo máis revirados con outros que se facían decontado: pra atinxir distintas persoas, pra non aburrir nin tampouco desesperar a xente [...] Por veces apetecíalle facer unha pequena homenaxe: como fixo cando incluíu o apelido de María Lado e logo o de Lucía Aldao, as admiradas Aldolado; ou cando mencionaba un sitio especial pra el, un artista..., ás veces quería incluír unha palabra en concreto por destacala, por recuperala, e armaba o encrucillado arredor dela. (Cabana Outeiro 2022: 24)

Canto traballo, canta reflexión e canta vontade en algo tan humilde como un pasatempo. Concordamos plenamente con Alexandra Cabana Outeiro cando reflexiona:

Labor silente pero intenso de normalización lingüística. Entre trinta e cinco e corenta e cinco palabras por cada un, postas a man, unha a unha, sen ningún programa informático máis có editor de textos cos que escribía os enunciados e as solucións, o Dario traballaba nos encrucillados coma un obreiro das palabras, coma sempre foi en tódalas tarefas da súa vida e do seu traballo, un proletario ilustrado. (Cabana Outeiro 2022: 24)

Estando gravemente enfermo contou coa axuda dos seus fillos para pasalos a limpo e envíalos. Son precisamente eles os que indican que o último publicado puido ser o do 6 de decembro de 2021. Despois desa data apareceron algúns outros co seu nome que en realidade non lle pertencían.

Do dominio que chegou a alcanzar na elaboración destes xogos de palabras, dá boa conta o encrucillado publicado en 2014 en *Termas Romanas*, a revista do balneario de Lugo<sup>44</sup>. O enredo reúne 56 definicións, case 60 palabras que deben ser colocadas nunha grella de 11 filas horizontais por outras tantas verticais. Neste caso hai un mínimo de dez definicións que fan referencia ás termas, ás augas,

<sup>44</sup> Véx. <https://balneariodelugo.com/wp-content/uploads/2015/11/TermasWeb.pdf>

á romanización ou á cidade de Lugo, temas centrais da publicación en que aparece. O «nome latino desta cidade» (*Lucus*), a «divindade clásica feminina venerada en lugares coma este» (*ninfa*), «dise das augas medicinais que manan quentes» (*termas*), «río galego que leva o nome dunha deusa galaica prerromana» (*Navia*), «Ilustre médico que sae nesta revista» (*Carro*), «cidade do sur de Francia na que se conserva un soberbio anfiteatro» (*Arles*), outro monumento romano preto de aquí» (*ponte*), «alma en latín e, ás veces en galego» (*ánima*), «do revés, abertura nunha muralla para entrar ou saír dunha cidade antiga como Lugo» (*porta*) e «[...] *Lucus*, famosa festa histórica» (*Arde*). Un reto para o creador, un misterio para quen isto escribe e un pracer para quen o resolve.

## 4. Peche

A marcha de Darío Xohán Cabana deixou un oco na cultura galega. Na páxina dos pasatempos galegos un oco que dificilmente encheremos; na dos que admiramos o seu traballo literario, un que só el podía ocupar. O dunha persoa sensible e culta, humilde e honesta, disposta a traballar con coidado e calidade mesmo na máis simple das tarefas. A única condición: que o produto revertese no noso ben, no ben da lingua, no ben da cultura.

## Referencias bibliográficas

- Cabana Outeiro, Alexandra (2022): «Encrucillado», *Chio. Gaiteiro. A revista cultural dixital de Lugo sempre* 11, xullo-agosto, 24, en <https://lugosempre.com/chio-xi-extra-de-veran/> [consultado 12/02/2023].
- Calvo, J. Luís / Yago Rodríguez Yáñez (2007): *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*. Vigo: Xerais.
- Carballa, Xan (1984): «Marilar Jiménez Aleixandre gañou o Merlín con *A expedición ao Pacífico*, Darío Xohán Cabana, gañador do Xerais, con *O cervo na torre*», *A Nosa Terra*, 10/11/1984, 28-29.
- Eiré López, Afonso (2003): «Darío Xohán Cabana. Creo na poesía sentimental», *A Nosa Terra* 1075, do 27 de marzo ao 2 de abril de 2003, Ano XXVI, 36-37.
- Fernández del Riego, Francisco (1994): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- Gómez Cundíns, Pablo (2020): «Pasatiempos para el encierro: Elemental», *La Voz de Galicia*, 03/04/2020.
- Hermida, Xermán (2001): «Entrevista a Darío Xohán Cabana», 04/05/2001, en <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=2629> [consultado 12/02/2023].